

John Locke (1632-1704). Teoría política. Contractualismo. Liberalismo.

Locke no seu máis importante escrito político, o Segundo Tratado sobre o goberno civil, elaborou unha forma de constitucionalismo liberal que se impuxo na revolución inglesa de 1688. Fronte aos partidarios do poder absoluto do monarca, defendeu unha monarquía con poderes limitados por unha asemblea lexislativa integrada por cidadáns-proprietarios. En opinión de Locke, a monarquía non se funda no dereito divino; senón que a sociedade política, isto é, o Estado nace dun pacto libremente consentido polos individuos. Para comprender ben a creación da sociedade civil é preciso saber cal era o estado natural do home.

O estado de natureza: Nun principio, os individuos vivían, disfrutando da liberdade e a igualdade, agrupados en pequenas comunidades (sendo a familia a forma de asociación humana máis común e básica). Así, imaxina Locke, nos comezos da humanidade existían estas pequenas sociedades, pero aínda non había Estado nin lei (non había todavía o que el denomina *sociedade política* ou *civil*). No estado de natureza os individuos están obrigados a respectar a lei moral natural, a lei (non escrita) da natureza descuberta pola razón, que establece os límites da conduta dos seres humanos e que ensina que, sendo todos iguais, non poden danar a ninguén nas súas vidas, posesións ou liberdades. Pero, como neste estado de natureza non existen nin autoridade nin organización políticas, os individuos poden chegar a violar os dereitos naturais dos demais (os dereitos que posúen todos os individuos no estado de natureza: dereito a vida, a liberdade e a propiedade privada).

Por tanto, no estado de natureza resulta difícil a defensa dos dereitos individuais, porque non todos os individuos cumpren coa lei natural (que obriga a respectar a vida, liberdades e pertenzas). Deste modo, córrese o risco de ser asoballado por outros homes e tamén se corre o risco de ser arbitrario á hora de castigar aos que incumpren a lei natural (ao non existir una autoridade imparcial que resolva as disputas entre os individuos). Por este motivo é necesaria unha lei obxectiva (escrita) e unha organización política que remedie esa situación de inseguridade provocada pola ausencia dunha autoridade común que se encargue da protección dos dereitos e dos bens individuais e que sexa quen de sancionar imparcialmente ao infractores da lei.

O pacto social: A organización política parte dos dereitos e das necesidades dos individuos. O Estado foi creado polos homes mediante un contrato para defender mellor as súas propiedades ou bens. Para iso, o individuo cede certos poderes ao Estado (principalmente o poder natural de castigar a quen incumpre a lei natural e conculca os dereitos naturais individuais). O Estado xurdido do pacto social, salvagarda os dereitos naturais, especialmente, a vida e garante o dereito á propiedade privada e protexe as liberdades individuais mediante o establecemento das leis.

A partir do contrato, consentido por todos os individuos, nace a sociedade política. O poder do Estado non é ilimitado, nin absoluto nin arbitrario. (O liberalismo clásico defendido por Locke, e o liberalismo en xeral, distínguese por ser unha teoría política que fixa os límites do poder político, uns límites que o Estado non pode traspasar: “*Rex non est supra lex*”). O gobernante está ao servizo dos individuos, do ben común. Como en todas as teorías do contrato social, hai perdas e ganancias: os individuos renuncian a castigar aos que infrinxen a lei natural (cedendo este poder ao soberano); a cambio, o gobernante debe cumprir coa súa parte do pacto para que os dereitos naturais dos individuos sexan protexidos. Se o gobernante non cumpre a súa función (protexer os dereitos individuais), o pobo ten dereito á insurrección e á anulación do pacto. Segundo o autor, para evitar o absolutismo, o abuso e a corrupción é preciso separar os poderes: poder lexislativo (assemblea lexislativa), poder executivo e xudicial (o goberno). Esta teoría da división de poderes fundamenta o liberalismo e será retomada por Montesquieu que establecerá definitivamente os tres poderes do Estado: lexislativo, executivo e xudicial.